



**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO 24.03.2021 POLO QUE SE AMPLÍA A VIXENTE LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, AO OBXECTO DE ATENDER AS NECESIDADES DESTE TIPO DE PERSOAL NOS SUPOSTOS PREVISTOS NO ART. 10.1 DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO OU NO ART. 15 DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES (BOP núm. 286, do 14.12.2020)**

O presidente da Deputación Provincial de Lugo o 24.03.2021 ditou, entre outras, a seguinte resolución:

*“Por acordo da Xunta de Goberno do 27.11.2020, apróbase a convocatoria do proceso selectivo para ampliar a listaxe de emprego de **TRABALLADOR/A SOCIAL**, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 286, do 14. 12. 2020).*

*As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a selección de persoal, con carácter temporal, para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota discapacitados) publicadas no BOP núm. 079, do 06.04.2020, corrección erros BOP núm. 161, do 15.07.2020.*

*As bases específicas que complementan as Bases Xerais son as referidas a categoría de Traballador/a Social, publicadas no BOP núm. 174, do 31.07.2020.*

*As cualificacións finais e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 10 de marzo de 2021.*

*A vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a Presidencia para que aprobe a ampliación da listaxe para prestar servizos temporais como Traballador/a Social na Deputación Provincial de Lugo, por orde de puntuación, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais a Deputación Provincial de Lugo.*

*Á vista do sinalado proponse á Presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, **RESOLVA:***

	IV7HYL27DN46YS46YUV5ATSEEU	Fecha y Hora	25/03/2021 13:16:13
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HYL27DN46YS46YUV5ATSEEU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HYL27DN46YS46YUV5ATSEEU</a>	Página	1/2





25-03-2021  
9-04-2021  
PCN/CHA E MANCHA

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal de traballador/a social, grupo A - subgrupo A2, aprobando a ampliación da listaxe, coas persoas aspirantes propostas polo Tribunal, que a continuación se sinalan:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	MAYO TRASHORRAS LUCÍA	44,800
2	VARELA FERNÁNDEZ, MIGUEL ALEJANDRO	44,186
3	TORREIRO RODRÍGUEZ, TAMARA	39,318
4	LORENZO RODRÍGUEZ, SANDRA	39,216
5	ÁLVAREZ OTERO, CRISTINA	33,506
6	RODRÍGUEZ LÓPEZ, OSCAR JOSÉ	31,025

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos á listaxe existente sexa realizada seguindo os criterios establecidos nas resolucións da presidencia do 29 de setembro de 2009 (BOP núm. 231, do 8.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14 de febreiro de 2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019), nas que se establecen os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal temporal na Deputación de Lugo, así como o sinalado na base xeral 12.

3º.- Confirmar que esta ampliación da listaxe de traballador/a social terá vixencia, para as persoas incluídas na mesma, dende a data de publicación da proposta do Tribunal na web corporativa da Deputación de Lugo (10.02.2021)."

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación de que a presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra esta cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o presidente da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

A secretaria xeral

	IV7HYL27DN46YS46YUV5ATSEEU	Fecha y Hora	25/03/2021 13:16:13
Normativa:	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaría Xeral)		
Url de verificación:	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HYL27DN46YS46YUV5ATSEEU">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7HYL27DN46YS46YUV5ATSEEU</a>	Página	2/2

